
INICIO DO SEGUNDO CUADRIMESTRE

Seguindo a [Resolución Reitoral de 27 de xaneiro de 2021](#), que establece que “Toda a actividade docente de grao e máster correspondente ao segundo cuadrimestre comezará o luns 8 de febreiro en modalidade telemática e estenderase até, cando menos, o 17 de febreiro. Non obstante, os másteres que teñan xa comezado ou previsto comezar a súa actividade docente do 2º cuadrimestre antes do día 8 de febreiro, deberán impartirse en modalidade telemática. As ensinanzas non oficiais así como as actividades de formación e de extensión universitaria con formación docente pasarán igualmente á modalidade telemática”, transmitímosvos a necesidade de ter en conta as seguintes recomendacións:

- Previo ao día 8 de febreiro sería convinte que o profesorado comunicara aos seus estudantes como afrontará o desenvolvemento das clases ate o día 17 de febreiro. Especialmente indicando se as clases desenvolveranse no seu horario e a través de TEAMS, sesión en directo, ou ben a través de videograbacións dispoñíbeis a través de Campus Virtual. No primeiro caso, lembramos a obrigatoriedade de gravar as sesións, coa finalidade de que estean dispoñíbeis para todo o alumnado.
- O estudantado de tódalas titulacións debería consultar diariamente o seu correo institucional e as súas materias en Campus Virtual para seguir as instrucións do seu profesorado, o cal tratará de adaptar as materias a esta situación excepcional segundo as súas posibilidades.
- Todas as titorías, ata a finalización deste período excepcional, deberían realizarse por email ou medios telemáticos.
- As defensas dos TFG e TFM realizaranse de forma telemática na convocatoria de febreiro seguindo o mesmo procedemento aplicado no curso 2019/20. O vicedecano de TFG enviará as instrucións a ter en conta por titores, estudantado e membros de tribunal. No caso dos mestrados serán as súas coordinadoras as que informarán aos estudantes do procedemento a seguir.
- O inicio do practicum non se verá afectado. A Facultade, a través das súas comisións de titulación, tomará as medidas necesarias para que sexa posible o seu desenvolvemento presencial ou telemático e, ata onde sexa posible, resolveranse de xeito individual as dificultades que podan xurdir con centros concretos.
- Como sinala a resolución reitoral: *O servizo das bibliotecas dos centros permanecerá pechado agás para o persoal da UDC quen poderá utilizalo mediante o sistema de cita previa. As salas de estudo da UDC permanecerán abertas durante o período de exames coa limitación do trinta por cento da súa capacidade e un máximo de 30 persoas. Para paliar a redución na dispoñibilidade de espazos das aulas de estudos, habilítanse até o 5 de febreiro as salas de lectura das bibliotecas dos centros como salas de estudo baixo as mesmas limitacións de aforo e co seu horario habitual (días laborais). Dende a biblioteca comunicarán a todos/as os/as usuarios/as as normas a seguir nas vindeiras semanas.*

- As xestións na administración do centro continuarán facéndose a través de cita previa, para o que se pode usar o enlace que aparece nos destacados da web da Facultade.
- O servizo de cafetería permanecerá pechado ata novo aviso. No campus permanecerá aberta a cafetería da Facultade de Dereito.
- O servizo de reprografía permanecerá aberto na nosa Facultade.

Estas recomendacións serán de aplicación en tanto que a Xunta de Galiza manteña o establecido na [ORDE do 26 de xaneiro de 2021 pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia.](#)

Grazas pola vosa comprensión e colaboración

O equipo decanal